

RENOVACIÓNS E INSCRICIÓNS

RENOVACIÓNS

Do 4 ó 15 de xullo.

As renovacións serán **AUTOMÁTICAS**. Aquelas persoas que non desexen continuar nalgunha actividade na que estaban inscritas deben enviar o formulario de **baixa** cuberto a **actividadesbrion@gmail.com** antes do día **15 de xullo**.

NOVAS INSCRICIÓNS

Do 18 ó 31 de xullo.

Para inscribirse, deberase enviar o **formulario de inscrición** cuberto a **actividadesbrion@gmail.com**

En caso de solicitar a inscrición en máis dunha actividade, cubrirase **só unha folla para todas as actividades**.

DATAS E PRAZOS

Unha vez rematado o prazo de inscrición, **as listas serán publicadas nas seguintes datas:**

- **Lista provisional** de persoas admitidas, non admitidas e lista de agarda:
5 de setembro
- Prazo de **reclamacións**: ata o **11 de setembro**
- **Lista definitiva** de persoas admitidas, non admitidas e en lista de agarda:
19 de setembro
- **Inicio das actividades**: **3 de outubro**

A aparición na lista definitiva de persoas admitidas implica estar xa matriculado/a na actividade. En caso de non querer asistir a algunha das actividades haberá que **solicitar a baixa por escrito antes do 15 de outubro**.

As solicitudes de baixa presentaranse por correo electrónico, **asinadas dixitalmente ou escaneadas**, a **actividadesbrion@gmail.com**

PERIODO EXTRAORDINARIO: 2º CUATRIMESTRE

No caso de quedar prazas libres para o segundo cuatrimestre (febreiro a maio), poderase solicitar a **inscrición nas actividades nas que queden prazas**, pagando só a cota correspondente a este segundo cuatrimestre.

En todo caso, a solicitude deberá presentarse **antes do día 1 de febreiro**.

INICIO DAS ACTIVIDADES E PERIODO DE PROBA

As actividades comezan o **3 de outubro** no primeiro cuatrimestre e o **1 de febreiro** no segundo. Establécese un **periodo de proba de 15 días**, ata o 15 de outubro e o 15 de febreiro, no que se poderán dar de baixa sen ter que pagar a cota. **As baixas que se tramiten despois deste período de proba deberán pagar o prazo correspondente da cota.**

PAGO DAS COTAS

O pago das cotas faise en **dous prazos**.

Para realizar o pago das cotas só hai dúas opcións:

Domiciliación do pago: hai que solicitar e cubrir a folla de domiciliación no momento de facer a solicitude de renovación ou inscrición.

Pago non domiciliado en dúas cotas:

As cotas pagaranse nos meses de novembro-décembro e marzo- abril.

Enviaranse por correo postal os recibos para realizar o pago desde o Servizo de intervención municipal, **non podendo pagar a cota antes de recibir a comunicación no domicilio**. Na comunicación xa figurarán as instrucións para realizar o pago.

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Estas **táboas, horarios e lugares de realización das actividades** que presentamos son **orientativos**, podendo sufrir variacións en función da demanda das actividades e a normativa sanitaria vixente no momento de inicio e desenvolvemento das mesmas.

As **idades** márcanse **por ano de nacemento**. Os grupos de idade son de referencia. Poderíanse realizar **cambios de grupo** en función da **experiencia** na actividade, o **nivel** ou a **progresión** da persoa participante ou do **número** de persoas inscritas segundo o **criterio do/a monitor/a** da actividade.

Aquelas actividades que non teñan suficiente alumnado inscrito poderán ser suprimidas, polo que o horario poderá ser redistribuído.